GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN
Instituto de Salud Carlos III

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

«CONVOCATORIA AXUDAS PARA

«INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS BIOMÉDICOS 2022»

«AXUDAS PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS BIOMÉDICOS 2022»

Finalidade das axudas

Dar cumprimento ao obxectivo específico de desenvolver, manter e invertir en infraestruturas científicas e tecnolóxicas que contribúan a crear un ecosistema de I+D+I internacionalmente competitivo (OE7), contribuíndo non só á xeración de ciencia básica senon á xeración de coñecemento dirixido a dar resposta aos desafíos da sociedade como son os problemas de saúde da cidadanía.

Actividades que se financian

a) Infraestructuras Científicas Singulares do Sistema Nacional de Saúde (SNS)

b) Adquisición de Equipamentos e Infraestructuras científico- técnicas

En ningún caso poderán ser susceptibles de axuda aquelas actuacións que directa ou indirectamente ocasionen un perxuizo significativo ao medio ambiente (DNSH)

A concesión das subvencións previstas nesta convocatoria realizarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o establecido no artígo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN

Instituto de Salud Carlos III

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

«AXUDAS PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS BIOMÉDICOS 2022»

Actuacións de financiamento

INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS SINGULARES DO SNS 2022

- O obxecto desta actuación é a adquisición e desenvolvemento de grandes infraestruturas científicas, que permitan a xeración dun salto cualitativo na producción científica tanto dos IIS beneficiarios, como doutros centros de investigación do ámbito do SNS que estéan interesados no uso destas infraestruturas.
- As instalacións obxecto desta actuación terán carácter singular e deberán estar orientadas cara a investigación traslacional en biomedicina. Ubicaranse nun único centro de investigación público que debe formar parte do IIS solicitante, debendo ser o seu uso compartido entre unha ampla comunidade investigadora.
- A proposta debe incorporar un plan de interoperabilidade con outras infraestruturas, en particular a adecuación e mecanismos de integración con actuacións estratéxicas de apoio á investigación do ISCIII e con programas orientados ao uso secundario da información clínica baixo a coordinación do ISCIII.

«AXUDAS PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS BIOMÉDICOS 2022»

INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS SINGULARES DO SNS 2022

Entidades Beneficiarias

- **Institutos de Investigación sanitaria acreditados** conforme ao establecido no Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño, sobre acreditación de institutos de investigación biomédica ou sanitaria e normas complementarias.
- Só poderá ser centro solicitante a entidade que teña encomendada a xestión do IIS.
- Cada IIS poderá presentar como máximo unha solicitude. A solicitude supon o compromiso de que a infraestrutura solicitada está plenamente integrada no contexto do Plan Estratéxico propio do IIS.

Requisitos do consorcio

As propostas, que agruparán o interese científico de institucións procedentes dun **mínimo de catro Comunidades Autónomas**, deberán desenvolver un Programa de mobilidade dos seus grupos científico-técnicos, que teña como obxectivo o acceso e uso destas infraestruturas de maneira estable, así como un plan de captación de interese de grupos adicionais.

Contía e duración

Contía: Máximo **1.500.000€ / proposta.**
Duración: **Cinco anos** (para a adquisición e posta en marcha da infraestrutura).

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN · Instituto de Salud Carlos III

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

«AXUDAS PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS BIOMÉDICOS 2022»

INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS SINGULARES DO SNS 2022

Requisitos do Investigador Principal

A solicitude deberá contar con un Coordinador/a que cumpra os seguintes requisitos:

- Ter formalizada a súa vinculación funcionarial, estatutaria ou laboral coa entidade de dereito público ou privado onde se ubique a infraestrutura que forme parte do IIS e, no seu caso, tratarse de persoal adscrito ao IIS.
- Ter as capacidades científico-técnicas e a experiencia requirida para liderar e/ou coordinar a execución da proposta, incluíndo a súa capacidade para facilitar o uso compartido da infraestrutura.
- Non estar realizando un programa de Formación Sanitaria Especializada (FSE), nin un contrato de formación predoutoral.
- Non ser investigador/a principal dunha solicitude que teña sido financiada pola convocatoria para a Infraestrutura de Medicina de Precisión asociada á Ciencia e Tecnoloxía (IMPACT) da AES 2017-2020.
- Non ser investigador/a principal dunha solicitud que teña sido financiada pola convocatoria de infraestruturas 2021 do ISCIII.

«AXUDAS PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS BIOMÉDICOS 2022»

Actuacións de financiamento

ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICO- TÉCNICAS 2022

- O obxecto desta actuación é a adquisición de infraestruturas e equipamentos científicos, co fin de dotar aos beneficiarios de instalacións e equipos instrumentais que deberán ser de uso comunitario ou, alomenos, compartido por distintos grupos de investigación dunha mesma institución.

- As propostas deben identificar e expor a adquisición dun equipamento ou infraestrutura que permita mellorar a competitividade científica aos grupos usuarios e sobre a que exista unha perspectiva de uso continuado e intensivo a medio e longo prazo, no contexto da planificación estratéxica da entidade beneficiaria.

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN · Instituto de Salud Carlos III

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

«AXUDAS PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS BIOMÉDICOS 2022»

ADQUISICIÓN DE EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICO-TÉCNICAS 2022

Entidades Beneficiarias

Entidades que desenvolvan actividades de I+D+I en Biomedicina ou en Ciencias e Tecnoloxías da Saúde conforme a unha das seguintes tipoloxías de centros:

- Institutos de Investigación sanitaria acreditados conforme ao establecido no Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño
- As entidades e institucións sanitarias públicas con actividade clínico asistencial: hospitais, centros de atención primaria, outros centros asistenciais distintos dos anteriores con licenza de actividade sanitaria expedida pola autoridade competente.
- As entidades e institucións sanitarias públicas sen licenza de actividade sanitaria, pero con actividade de I+D+I demostrable na área de coñecento de Saúde Pública.

Requisitos

Cada entidade solicitante poderá presentar unha única solicitude que conterá un listado priorizado de infraestruturas. No caso das solicitudes dos IIS, o número máximo de infraestruturas solicitadas non poderá exceder de seis; nas solicitudes do resto das institucións, non poderá exceder de tres infraestruturas.

A entidade solicitante debe ser garante do uso compartido da mesma por varios grupos de investigación da súa institución.

Contía e duración

Contía: Máximo 40.000€ - 500.000€*.
Duración: Dous anos (para a posta en funcionamento da infraestrutura).

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN · Instituto de Salud Carlos III

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

«AXUDAS PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS BIOMÉDICOS 2022»

ADQUISICIÓN DE EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS CIENTÍFICO-TÉCNICAS 2022

Requisitos do Investigador Principal

A solicitude deberá contar con un Investigador/a Responsable que cumpra os seguintes requisitos:

- Ter formalizada a súa vinculación funcionarial, estatutaria ou laboral co centro solicitante.
- Ter as capacidades científico-técnicas e a experiencia requirida para liderar e/ou coordinar a execución da proposta, incluíndo a súa capacidade para facilitar o uso compartido da infraestrutura.
- Non estar realizando un programa de Formación Sanitaria Especializada (FSE), nin un contrato de formación predoutoral.
- Non ser investigador/a principal dunha solicitude que teña sido financiada pola convocatoria para a Infraestrutura de Medicina de Precisión asociada á Ciencia e Tecnoloxía (IMPACT) da AES 2017-2020.
- Non ser investigador/a principal dunha solicitud que teña sido financiada pola convocatoria de infraestruturas 2021 do ISCIII.

«AXUDAS PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS BIOMÉDICOS 2022»

Conceptos financiables

- Adquisición de equipos incluidos os seus accesorios ou aparatos auxiliares, montaxe, e posta en funcionamento de infraestruturas científico-técnicas.
- Adquisición de programas de ordenador de carácter técnico e destinados exclusivamente á investigación.

No caso da actuación de Infraestruturas Científicas Singulares do SNS

- Serán financiables además os gastos de mobilidade tanto de investigadores como persoal técnico de apoio pertencente aos centros interesados na utilización da infraestrutura.
  A expresión de interese destos centros e o programa de mobilidade incluiranse na solicitude.

Conceptos excluídos

- Queda excluido de forma expresa o equipamento básico de mobiliario para ampliación ou nova creación de laboratorios de investigación
- Quedan excluidos os gastos efectuados para a mellora de sistemas informáticos e tecnoloxías da información en rede para a investigación
- Non se financiarán gastos de mantemento, funxibles, reparacións e seguros do equipamento

Só serán financiables aqueles gastos que de maneira inequívoca respondan á natureza da actividade obxecto da subvención, sexan necesarios para a realización da mesma e se efectúen dentro do periodo de execución determinado.

«AXUDAS PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS BIOMÉDICOS 2022»

PRAZO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Dende o 21 de xullo de 2022 ata ó 17 de agosto de 2022 ás 15.00h

Enlaces de Interese

- **https://www.isciii.es/**
- **https://acis.sergas.es/cartafol/Convocatorias-axudas-investigacion**